

O que se fai público para xeral coñecemento, co fin de que á vista do expediente se poidan formula-las alegacións que se consideren pertinentes durante o prazo de quince días, contados a partir da inserción deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Antonio Salvador Lagares Pérez
Alcalde-presidente accidental

CONCELLO DE IRIXOA

Anuncio.

O Pleno deste Concello, na súa sesión ordinaria do 1-12-1995, acordou provisionalmente a adopción do escudo heráldico e bandeira municipal de carácter propio.

En virtude do establecido no Decreto 258/1992, do 10 de setembro, da Xunta de Galicia, expónse o dito acordo e o expediente a información pública durante o prazo de un mes; poderán examinarse na secretaría do concello en horario de oficina.

Irixoa, 2 de decembro de 1995.

Juan Pérez Díaz
Alcalde

CONCELLO DE MUROS

Anuncio de licitación do contrato de xestión do servizo de subministración de auga corrente ós municipios de Muros e Carnota.

Os concellos de Muros e Carnota aprobaron o prego de condicións da devandita licitación, que se expón ó público polo prazo de oito días para reclamacións. Así mesmo convocan licitación pública para a adxudicación por concurso da concesión do servizo de acordo co citado prego.

1. Tipo de licitación: non se fixa, polas especiais características do contrato.

2. Prazo de duración: vinte anos, renovables por períodos de cinco ata o máximo de cincuenta anos.

3. Forma de adxudicación: por concurso.

4. Presentación de proposicións: no prazo de vinte e sete días naturais contados a partir da publicación do derradeiro dos anuncios no BOP ou DOG, en horas de atención ó público (9 a 14.30 horas) no rexistro xeral do Concello de Muros. O expediente e prego de condicións están ó dispor dos interesados na secretaría do Concello de Muros.

5. Fianzas provisoria e definitiva: 250.000 ptas. e 2.000.000 de ptas., respectivamente.

6. Apertura de plicas: na Casa do Concello de Muros ás 12 horas do primeiro día solto seguinte a aquel no que remata o prazo de presentación de proposicións.

7. Modelo de proposición:

Don/Dona..., titular do DNI número..., veciño/a de..., con domicilio en..., que actúo en nome propio/en representación de..., segundo o poder suficiente que achego, comparezco perante o Concello de Muros e expoño,

Primeiro.—Que desexo participar no concurso público convocado para adxudica-lo contrato de concesión da xestión integral do servizo municipal de subministración de auga corrente ós municipios de Carnota e Muros.

Segundo.—Acepto na súa integridade o prego de condicións económico-administrativas que rexen o devandito concurso.

Terceiro.—Comprométome de resultar elixido adxudicatario, á prestación do servizo obxecto de contrato de acordo co citado prego de condicións e ás seguintes cláusulas:

A. A tarifa media para 1996 será a seguinte: 25 ptas./m³ de auga facturada.

B. Comprométome a realiza-las seguintes obras nos prazos que se sinalan e por un valor total de... ptas. de execución de contrata.

C. A anualidade constante de amortización (capital máis xuros) para a recuperación dos investimentos realizados fixados en... ptas. ó ano durante un período de... anos.

D. Logo de recupera-lo custo unitario pola xestión do servizo e a anualidade de amortización polos investimentos realizados, aboarelle ós concellos de Carnota e Muros un canon... ptas./m³ de auga facturada.

Cuarto.—A documentación esixida, e concretamente a oferta económica, consta na proposición presentada.

Quinto.—Achego os cadros de prezos que rexerán en 1995 para as obras de acometida á rede e instalación de contedores ós que se refire o prego de condicións.

Muros, 4 de decembro de 1995.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE PONTEDEUME

Anuncio.

O Pleno do Concello, en sesión do 8 de novembro de 1995, acordou aprobar definitivamente o proxecto de plan parcial en S.A.U. de uso industrial parque empresarial do Vidreiro-Campolongo. Concello de Pontedeume. T.P. 72/1995.

De conformidade co Art. 124 do T.R. da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, dáselles publicidade ás normas urbanísticas contidas, do teor seguinte:

1.—Observacións:

Primera.—En relación cos servizos obsérvase no proxecto o seguinte:

a) Abastecemento de auga: de acordo co Art. 53.4º do Regulamento de planeamento, deberá terse en conta o caudal dispoñible, en relación coas necesidades das industrias que se implantarán no polígono.

b) Saneamento: para poder efectuar a conexión da rede de augas residuais do polígono á municipal, deberá garantirse a compatibilidade dos vertidos, segundo as actividades industriais que os produzan. No caso contrario deberá preverse a súa depuración previa.

c) Aparcamentos: a reserva de terreos correspondente a aparcamentos deberá cumprilo disposto no Art. 52.3º do Regulamento de planeamento.

Segunda.—Respecto á ocupación máxima das parcelas, que o plan parcial non especifica, haberá de terse en conta a determinación establecida nas NSP do 70% máximo de ocupación.

Terceira.—En relación co aproveitamento urbanístico:

a) De acordo co disposto no Real decreto legislativo 1/1992, deo 26 de xuño, no seu artigo 27.2º, en relación coa súa disposición transitoria primeira, o aproveitamento urbanístico susceptible de aprobación polos propietarios do solo será o 85% do aproveitamento que resulte do establecido no plan parcial.

b) Así mesmo, en cumprimento, do disposto no Art. 20 do citado Real decreto legislativo 1/1992, os propietarios do solo están obrigados a ceder os terreos en que se localice o aproveitamento correspondente ó concello, por exceder de susceptible de apropiación privada, ou, se é o caso, adquirilo dito aproveitamento polo seu valor urbanístico.

Coas observacións efectuadas polo Servicio Provincial de Urbanismo no presente escrito, emítese informe favorable sobre o proxecto de plan parcial no S.A.U. de uso industrial parque empresarial do Vidreiro—Campolongon, no concello de Pontedeume, debéndose ter en conta no acordo de aprobación definitiva, coa expresa indicación de que deberá cumprilo disposto no Art. 8d) da Lei 7/1995, do 29 de xuño.

2.—Ordenanzas reguladoras.

2.1. Normas xerais.

Artigo 1º.—Natureza, ámbito e vixencia.

Artigo 2º.—Relación co plan xeral municipal ordenación de Pontedeume.

Artigo 3º.—Alcance normativo dos documentos.

Artigo 4º.—Modificacións.

Artigo 5º.—Desenvolvemento obrigatorio.

Artigo 6º.—Sistema de actuación.

Artigo 7º.—Definicións.

2.2. Normas comúns de edificación.

Artigo 8º.—Parámetros e determinacións reguladoras.

Artigo 9º.—Condicións xerais de uso.

Artigo 10º.—Liñas de edificación.

Artigo 11º.—Superficie edificable.

Artigo 12º.—Alturas reguladoras.

2.3. Normas particulares de edificación.

Artigo 13º.—Ordenanza A (zona industrial).

Artigo 14º.—Ordenanza B (zona dotacional).

Artigo 15º.—Ordenanza C (zonas verdes e espazos públicos).

2.4. Regulación do uso do garaxe—aparcamento.

Artigo 16º.—Definición e clasificación.

Artigo 17º.—Condicións xerais.

Artigo 18º.—Accesos.

Artigo 19º.—Praza de aparcamento.

Artigo 20º.—Altura mínima.

Artigo 21º.—Ventilación.

Artigo 22º.—Illamento.

Artigo 23º.—Comunicación.

2.5. Normas de urbanización.

Artigo 24º.—Proxectos de urbanización.

Artigo 25º.—Tratamento de pavimentación.

Artigo 26º.—Abastecemento de auga.

Artigo 27º.—Saneamento.

Artigo 28º.—Afirmado.

Artigo 29º.—Disposición de servizos.

Artigo 30º.—Parques e xardíns urbanos.

Artigo 31º.—Aparcamentos de superficie.

Artigo 32º.—Recollida de lixo.

2.6. Condicións técnicas das obras en relación coas vías e servizos públicos.

2.—Ordenanzas reguladoras.

2.1. Normas xerais.

Artigo 1º.—Natureza, ámbito e vixencia.

1. O presente plan parcial desenvolve o solo apto para urbanizar de uso industrial definido polas normas subsidiarias de planeamento do concello de Pontedeume.

2. O plan parcial non entrará en vigor ata que se produza a publicación no BOE dos textos íntegros do acordo de aprobación definitiva e normativa urbanística, e transcorra o prazo previsto no Art. 65.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, das Cortes Xerais. A súa vixencia será indefinida.

3. As presentes ordenanzas serán de aplicación obrigatoria para a redacción de estudos de detalle, proxectos de urbanización e de edificación, de reparcelación e parcelación, tanto privadas coma de carácter público, que se pretendan realizar dentro do ámbito do plan parcial.

Artigo 2º.—Relación co planeamento municipal de Pontedeume.

En tódolos puntos non desenvolvidos no presente plan parcial, observarase o disposto nas normas sub-

sidiarias de planeamento do concello de Ponte-deume.

Artigo 3º.—Alcance normativo dos documentos.

1. O alcance normativo do plan deriva do contido normativo dos documentos que o integran.

Ordenanzas reguladoras, estudio económico, plan de etapas e planos de ordenación que terán carácter obrigatorio.

2. A cartografía, a escala 1/1000, que constitúe a base gráfica sobre a que se debuxou a planimetría, terá o carácter de cartografía municipal oficial e o seu uso será obrigatorio para reflectir a situación e determinación de calquera actuación de planeamento ou calquera petición de licenzia urbanística. O concello poderá crear a correspondente ordenanza urbanística para a expedición de copias reproducibles da cartografía oficial.

Artigo 4º.—Modificacións.

1. A modificación de calquera dos elementos do plan axustarase ó previsto na lei e no non previsto ó disposto por estas ordenanzas.

2. As modificacións non poderán alterar en ningún caso o teito máximo de uso industrial, cambiándose o uso das zonas dotacionais a industriais, debendo xustificarse a conveniencia e oportunidade delas.

Artigo 5º.—Desenvolvemento obrigatorio.

Para a execución do plan parcial redactarase obrigatoriamente os proxectos de urbanización correspondentes. Así mesmo, será obrigatoria a redacción de estudos de detalle cando se agrupen dous ou máis parcelas e igualmente cando se subdivida algunha parcela.

Artigo 6º.—Sistema de actuación.

Fíxase como sistema de actuación ou de compensación. Este sistema só poderá ser substituído por algún dos outros contemplados na L.S. e nos supostos establecidos no R.X. calquera cambio de sistema de actuación deberá acompañarse da análise da súa repercusión no estudio económico-financieiro.

Artigo 7º.—Definicións.

Para os efectos desta ordenanza, cantas veces se empreguen os termos que a seguir se indican, terán o significado que taxativamente se expresa nas alíneas seguintes:

—Soar.

Entenderase por soar toda aquela parcela que, atopándose en solo urbano como consecuencia da execución do plan parcial e da súa completa urbanización con tódolos servizos previstos no proxecto de urbanización, cumpra todas e cada unha das condicións seguintes:

- a) Ter sinaladas aliñacións e rasantes.
- b) Dispoñer de acceso rodado directo pola vía a que dea fronte.

c) Ter pavimentada a calzada da vía a que dea fronte e dispoñer de encintado de beirarrúas.

d) Dispoñer de abastecementos de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica, nas condicións previstas no plano parcial.

e) Ter cumprido co requisito de reparcelación e/ou parcelación urbanística no caso de que fosen necesarios.

—Aliñación.

Entenderase por aliñación aquela liña límite da parcela que separa esta dos espazos libres públicos.

—Liña de edificación.

É aquela liña que a futura edificación non pode sobreparar, agás cos beirís cando estes estean permitidos.

—Parcela edificable.

É a parte do soar comprendida entre as liñas de edificación.

—Recuados.

É o largo da faixa de terreo comprendido entre a aliñación oficial e a liña de edificación cando estas non coinciden. Así mesmo as separacións da edificación respecto ós demais lindes da parcela edificable denominaranse recuados laterais ou recuados posteriores se se refire ó linde posterior da parcela.

—Rasante.

É o perfil lonxitudinal dunha vía.

—Altura da edificación.

A altura da edificación é a dimensión vertical dun edificio. Para a súa regulación poderase utilizar unha ou ambas destas dúas unidades de medida:

a) A distancia vertical en metros desde a rasante natural do terreo, ata a cara inferior do forxado que forma o teito do último andar.

b) Número total de andares, nos que se incluírán a planta baixa e planta piso, e, nos casos en que se permita, a planta semisoto.

—Altura máxima de edificación.

É aquela que non pode superarse coa edificación. Establecerase en metros.

—Altura de pisos.

Entenderase por altura de pisos a distancia entre as caras inferiores de dous forxados consecutivos.

—Altura libre de pisos.

Entenderase como a distancia desde a superficie do pavimento acabada ata a superficie inferior do teito da planta correspondente.

—Superficie ocupada.

É a comprendida dentro dos límites definidos polas proxeccións verticais sobre un plano hori-

zontal das liñas externas de toda a construción, mesmo as subterráneas e voos.

–Superficie edificada.

É a comprendida entre os límites exteriores da construción da planta.

–Superficie total edificada a teito ou solo.

É a resultante da suma das superficies edificadas de tódalas plantas.

–Espacios libres interiores á parcela.

Son aqueles espacios de uso privado comprendidos entre a liña de edificación e os límites da zona.

–Planta baixa, semisoto e soto.

1. Enténdese por plante baixa a planta inferior do edificio onde o solo se atopa á altura, por encima, ou como máximo, a 0,60 metros por baixo da rasante do pavimento ou terreo en contacto coa edificación.

2. Enténdese por semisoto aquela planta que, tendo o solo a máis de 0,60 m por baixo da rasante, ten o teito a máis de 0,60 m por riba da dita rasante.

3. Enténdese por soto aquela planta que ten o teito a menos de 0,60 m por riba da rasante.

–Edificio exento.

É aquel que está illado e separado totalmente doutras construcións por espacios libres.

–Usos permitidos.

Son os que se consideran axeitados nas zonas que se sinalan nas presentes ordenanzas.

–Usos prohibidos.

Son aqueles que non se consenten por seren inapropiados nas zonas que se sinalan nas presentes ordenanzas.

–Edificio exclusivo.

É aquel en que tódolos seus locais desenvolven actividades comprendidas no mesmo uso.

–Edificabilidade.

Desígnase con este nome a medida da edificación permitida nunha determinada área do solo. Establecerase en metros cúbicos por cada metro cadrado de superficie da zona ou área edificable (parcela) de que se trate.

–Voo.

Enténdese por voo o saínte da edificación respecto á aliñación na planta piso sobre as vías públicas, nas condicións fixadas pola ordenanza correspondente.

2.2. Normas comúns de edificación.

Artigo 8º.–Parámetros e determinacións reguladoras.

A edificación no ámbito do plan parcial axeitarase ó tipo de edificación definida nos planos de orde-

nación e ós parámetros definidos polos cadros de características que terán carácter de máximos.

Os parámetros e determinacións reguladoras que se establecen para cada tipo son:

–Aliñación exterior.

–Altura máxima.

–Volume edificable máximo.

Artigo 9º.–Condicións xerais de uso.

1. Son as condicións que regulan os diferentes empregos dos terreos e edificacións segundo a actividade que se produza sobre eles.

2. Os empregos divídense en permitidos e prohibidos con base na súa adaptación a cada sector do solo e os fins da ordenación e á compatibilidade dos usos entre si.

3. As compatibilidades de emprego establécense en cada ordenanza debéndose cumprir en calquera caso as normas xerais de emprego do planeamento municipal.

Artigo 10º.–Liñas de edificación.

Son as liñas definidas nos planos de ordenación; e enténdese como distancia mínima ás aliñacións e lindeiros laterais e posteriores.

2.3. Normas particulares de edificación.

Artigo 13º.–Ordenanza A (zona industrial).

1. Aplícase esta ordenanza ó conxunto de zonas edificables destinadas a uso industrial.

2. Fíxase, en principio, un tipo de ordenación con base nas edificacións exentas en cada parcela.

3. Poderase, mediante a realización dun estudio de detalle, dividir ou agregar parcelas contiguas destinadas a uso industrial e realizar actuacións en fileira ou encostadas, ou semellantes, respectando sempre os parámetros definidos para as parcelas orixinais canto á separación de lindeiros, volume máximo edificable, etc.

4. A altura máxima da edificación será 12 metros, podendo superarse con instalacións especiais.

(A altura medirase a partir da rasante no punto medio da aliñación da parcela pola que se accede a ela desde o viario público).

5. Permitiranse soto e semisoto destinados a garaxes–aparcamentos e dependencias auxiliares sen que computen edificabilidade.

6. A edificación deberá gardar un recuado mínimo de 3 metros respecto ós lindeiros laterais e 5 metros respecto ós lindeiros posteriores, se os ditos lindeiros son comúns a dúas parcelas edificables.

Mediante acordo mutuo entre dous propietarios de parcelas colindantes poderanse acomete–las edificacións encostadas a lindeiros comúns.

7. Os accesos ás parcelas edificables serán a través do viario rodado público.

8. O volume edificable en cada parcela será o que resulte de multiplicar a superficie da parcela en metros cadrados por 8 m^3 .

9. Usos. Autorízase todo tipo de uso industrial que cumpra coa normativa indicada no Art. 8.2º da modificación das normas subsidiarias de planeamento do concello de Pontedeume (aprobadas en 1990). Permítense os usos de oficinas, comercial e hoteleiro.

Artigo 14º.—Ordenanza B (zonas dotacionais edificables).

A delimitación será a definida no plano de ordeñación correspondente.

A ocupación da edificación en planta non poderá exceder do 70% da superficie da parcela.

A altura máxima será de 12 m con carácter xeral, non podendo ser sobrepasada máis que por elementos ornamentais.

Edificabilidade máxima de $8 \text{ m}^3/\text{m}^2$ sobre superficie total de parcela.

Condições de uso. Permitiranse os seguintes usos, comerciais, sociais, deportivos e de servizos.

Trataranse as superficies libres definindo:

As axardinadas totalmente.

Os arboredos con solo de terra.

Os de pavimento impermeable accesible a vehículos.

Os de pavimento impermeable accesible só ós peóns con tratamento en chanzos ou semellante.

Artigo 15º.—Ordenanza C (zonas verdes e espazos libres públicos).

Condições xerais.

Delimitación. A definida no plano de zonificación.

Condições de volume e uso. Nestas zonas, dedicadas a garantir a salubridade, o repouso e o lecer da poboación non se permitirá ningún tipo de edificacións permanentes agás a necesaria para o mantemento das propias zonas (invernadoiros, almacén de utensilios de xardinería) xustificando previamente a necesidade da súa instalación na propia zona verde ou libre de uso público. Como excepción e logo do acordo municipal poderán autorizarse a instalación permanente de elementos de ornato (templetes, quioscos de música) ou complementarios ó uso das zonas verdes (escenarios de teatros ó aire libre, pistas de baile descubertas, etc.).

Poderá autorizarse así mesmo a situación de case-tas e quioscos desmontables para fins propios dos usos convencionais destas zonas, así como a moblaxe necesaria (bancos, papelerías, fontes de auga potable, xogos de nenos, etc.).

En calquera caso a superficie total ocupada con tódolos elementos permanentes antes citados non poderá supera-lo 5% da superficie total da zona.

A ocupación máxima considerando os elementos permanentes e os desmontables non poderán supera-lo 10% da superficie total da zona.

Os peches, cando sexan necesarios, non excederán a altura de 0,50 m con materiais opacos podendo super-lo dito límite con elementos diáfanos ou elementos vexetais.

As zonas verdes e espazos libres de uso público deberán estar convenientemente urbanizadas, coas súas correspondentes sendas peonís, camiños, escaleiras e acondicionamento vexetal, así como dotadas de iluminación pública, rede de pluviais e abastecemento de auga necesario para o seu funcionamento e conservación.

2.4. Regulación do uso do garaxe-aparcamento.

Artigo 16º.—Definición e clasificación.

1. Denomínase «garaxe-aparcamento» todo lugar destinado á estadia de vehículos de calquera clase.

2. Para os efectos de aplicación destas normas só se permiten os garaxes-aparcamentos vinculados ás industrias implantadas nas parcelas. Poderanse situar na planta soto, semisoto ou planta baixa.

Artigo 17º.—Condições xerais.

A instalación e emprego de garaxes-aparcamentos e locais para o servizo de automóviles deberá axustarse ás prescricións das disposicións vixentes.

Artigo 18º.—Accesos.

Os garaxes-aparcamentos disporán dun espazo de acceso de tres metros de largo e terán que estar como mínimo situados a dous metros recuados sobre a aliñación oficial.

Se se realizase o acceso mediante ramplas, estas non sobrepasarán a pendente do 16% nos tramos rectos e o 12% nos tramos curvos. O seu largo será de 3 m mínimo e o radio de curvatura de 6 m.

A localización do acceso á rúa deberá estar contida nos proxectos de edificación. Cando se realicen estudos de detalle unindo varias parcelas poderase realizar un acceso único para tódalas implantacións agrupadas mediante o estudo de detalle.

Artigo 19º.—Praza de aparcamento.

Enténdese por praza de aparcamento un espazo mínimo de 2,20 por 4,50 metros, libres de obstáculos.

Artigo 20º.—Altura mínima.

En garaxes-aparcamentos admítense unha altura libre mínima de dous metros en calquera punto.

Artigo 21º.—Ventilación.

A ventilación, natural ou forzada, estará proxectada con suficiente amplitude para impedi-la acumulación de valores de gases nocivos.

Artigo 22º.—Illamento.

O recinto do garaxe-aparcamento deberá estar illado do resto da edificación ou predios colindantes por valados e forxados, resistente ó lume, e con illamento acústico de acordo coas regulamentacións sobre ruídos.

Artigo 23º.—Comunicación.

Poderá comunicarse o garaxe—aparcamento coa escaleira, ascensor, cuartos de caldeiras, salas de máquinas, ou outros usos sellellantes autorizados do inmovible.

2.5. Normas de urbanización.

Artigo 24º.—Proxectos de urbanización.

Como desenvolvemento do plan parcial redactaranse os proxectos de urbanización que desenvolven as determinacións daquel, conforme as presentes ordenanzas.

Artigo 25º.—Tratamento de pavimentación.

Tódalas beirarrúas e calzadas en contacto coas paredes edificables trataranse con pavimento impermeable axeitado á súa funcionalidade.

Artigo 26º.—Abastecemento de auga.

A dotación mínima de auga potable en zonas industriais será de 0,5 l/seg. ha; nas dotacións, de 0,8 l/seg. ha e nas zonas verdes, de 0,2 l/seg. ha.

As condicións situaranse a unha profundidade mínima de 0,60 m e irán reforzadas con envolvente de formigón.

Os encanamentos de auga potable irán sempre a cota superior ás de saneamento. A separación vertical mínima entre os ditos encanamentos será de 0,30 m.

As conexións ós encanamentos mestres ou aneis principais de distribución desde as distintas edificacións faranse controladas.

Artigo 27º.—Saneamento.

As acometidas á rede de saneamento serán controladas mediante conducións lonxitudinais ó longo das beirarrúas (ver esquema).

Artigo 28º.—Afirmado.

O afirmado de rúas de estrutura coas seguintes capas indicativas: rodadura, base e subbase.

Artigo 29º.—Disposición de servicios.

As canalizacións de auga e servicios dispoñeranse baixo as beirarrúas. Se isto non é posible de acordo coa xeometría das diferentes casas subministradas e a regulamentación vixente, canalizarase baixo a calzada.

Artigo 30º.—Parques e xardíns urbanos.

1. As zonas libres e verdes axardinaranse adaptando no proxecto as determinacións de trazado e vexetación sinaladas no plano de ordenación.

2. Os parques e xardíns deberán urbanizarse con arboredo, macizos de xardín e céspede, sendas, farolas, elementos ornamentais e outros elementos accesorios. A composición dos xardíns axustarase ó previsto no plano de ordenación e ás regras da xeometría, orde e proporción. As plantacións e elementos ornamentais responderán ó criterio de maior interese botánico, científico e educativo, ás tradi-

cións populares e urbanas e á significación cultural e artística.

Artigo 31º.—Aparcamentos de superficie.

Os proxectos de urbanización preverán polo menos un 2% das prazas de aparcamento para uso de minusválidos, para o que deberán especificar a correspondente sinalización.

Artigo 32º.—Recollida de lixo.

Esixirase a recollida de lixo, controlada individualmente polos propietarios das parcelas co concello de Pontedeume.

Formularase a instalación dun espacio para depósitos de lixo cos seus elementos para albergue, e instalacións de auga e desaugadoiro, situados en contacto directo coa vía pública e como mínimo, espacio para 6 colectores. A definición do deseño dos elementos de albergue e a súa situación definiranse no proxecto de urbanización.

2.6. Condicións técnicas das obras en relación coas vías e servicios públicos.

Danos ás vías ou servicios municipais.

Todo propietario que execute unha obra, de calquera natureza, será responsable perante o concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servicios municipais.

Obras que afecten a servicios públicos.

Se as obras que se executan afectan a servicios públicos de carácter xeral ou público, os propietarios comunicaránllo por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con 8 días de antelación ó seu comezo, e no dito prazo as empresas ou entidades deberán toma-las medidas oportunas para evitaren danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables desde a finalización do prazo anteriormente mencionado.

Almacenamento de entullos e materiais.

Os entullos e materiais non poderán amorearse na vía pública, nin apoiados nos valados e muros de cerramento.

Andamios e material auxiliar.

Tódolos andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo a dirección facultativa copetente e dotarse das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, na que se situarán os sinais de precaución que sexan convenientes en cada caso.

En toda clase de construción, así como no emprego de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo esixidas polas leis vixentes en cada momento sobre o material.

Valado de obras.

1. En toda obra de nova planta ou derruba e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, deberase colocar un valo de protección de dous metros de altura, como mínimo, de materiais que

ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. En todo caso, deberá quedar remitida do bordo, polo menos, 0,60 metros, para permiti-lo paso de peóns.

2. Cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación das ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características do valo, podendo ordena-la súa desaparición total no momento que remate os traballos indispensables en planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores; despois da colocación dun andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezas as debidas seguridades para a circulación na vía pública.

3. Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, esixírase, durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características de tránsito aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

4. Nas zonas en que sexa obrigatoria o recuado, o valo colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.

5. A instalación de valos enténdese sempre con carácter provisional, mentres dure a obra, por iso desde o momento no que transcorra un mes sen comeza-las obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse o valo e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.

3.-Plan de etapas.

Establécese unha única etapa para a execución da totalidade das obras de urbanización.

Terá unha duración de dous anos, contados a partir da data da entrada en vigor do proxecto de urbanización, ou tres anos desde a entrada en vigor do plan parcial.

4.-Estudio económico-financeiro.

4.1.1. Avaliación económica de sistemas xerais.

4.1.2. Avaliación económica de urbanización.

4.2.1. Resumo da avaliación de sistemas xerais.

4.2.2. Resumo da avaliación de urbanización.

4.3. Resumo da avaliación.

Pontedeume, 17 de novembro de 1995.

Belarmino Freire Bujía
Alcalde

CONCELLO DE VILALBA

Anuncio.

Aprobado polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 1995, o proxecto de expropiación dos bens precisos para a construción en Vilalba dun edificio multiusos e preparación dos terreos para a construción de vivendas de promoción pública nas rúas Pita da Veiga e Pedreiras, cunha superficie de 7.540 metros cadrados, ábrese información pública por prazo dun mes, contado desde a publicación do presente anuncio no BOP, para que os que poidan resultar interesados formulen as observacións e reclamacións que coiden convenientes de acordo co disposto no artigo 219 do texto refundido da Lei do solo.

Vilalba, 19 de decembro de 1995.

O alcalde
Rubricado

e) OUTROS ANUNCIOS

MINISTERIO DE DEFENSA

Edicto do 21 de novembro de 1995, do Centro de Reclutamento de Pontevedra, polo que se publica a lista de mozos en paradiro descoñecido que teñen incoado expediente por incumprimento de obrigacións militares e se lles notifica a data e o organismo no que deben presentarse.

En cumprimento do disposto no artigo 129.4º do Regulamento de recrutamento aprobado por Real decreto 1107/1993, do 9 de xullo (BOE nº 191) notifícaselles os mozos relacionados a seguir que, por permanecer en paradiro descoñecido un ano despois da iniciación do procedemento por incumprimento de obrigacións relacionadas co recrutamento para o servizo militar, cítaselles para incorporarse nas datas e organismos seguintes:

Data de presentación	Apelidos e nome	Data de nacemento	Lugar de nacemento	Nome do pai	Nome da nai
----------------------	-----------------	-------------------	--------------------	-------------	-------------

***Xefatura de Persoal R.M. Noroeste.

***Pza. Millán Astray, s/n.

***15001 A Coruña.

17-2-1996	Ameijeiras Herves, Pedro	11-4-1976	Pontevedra	José Luis	Mª Isabel
17-2-1996	Bóveda Rebolo, Miguel Ángel	17-8-1976	Vilagarcía de Arousa	José Ramón	Dolores
17-2-1996	Burdio Seijo, Félix	16-4-1976	Vigo	Luis	Mª Ángeles
17-2-1996	Cacaes Salgueiro, Sergio Antonio	17-12-1976	Vilagarcía de Arousa	Antonio	Dolores